



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Expediente: 2021000023624

Referencia: PEL-PEMES CRE/AMP / 2021

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA A PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE ÁS AXUDAS Á CONTRATACIÓN PARA A CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSONAL DE PEQUENAS, MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS DE TRANSPORTES GENEBRANDO CASTRO, S.L.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente número 2021000023624, relativo á subvención correspondente ao programa anteriormente citado, no que se acreditan os seguintes:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- Por resolución da Presidencia concedeuse a subvención que se indica de seguido, ao abeiro da convocatoria publicada no Boletín Oficial Provincial número 37, do 25 de febreiro de 2021

Segundo.- A unidade xestora comprobou que a persoa beneficiaria non cumpre cos requisitos para o cobro da subvención concedida.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece no seu artigo 14 a obriga do beneficiario de xustificar ante o órgano concedente, o cumprimento de requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou investimento subvencionado e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou desfrute da subvención.

Segundo.- As Axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de personal de pequenas, medianas empresas e microempresas, establece os requisitos para a xustificación e pagamento das subvencións.

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente.

RESOLVO:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobro da subvención cuxos datos se sinalan deseguido, polo motivo que se indica:

Beneficiario: TRANSPORTES GENEBRANDO CASTRO, S.L.

NIF: B70135371

Expediente: 2021000023624

Obxecto da subvención: Solicitud axuda PEL CREACIÓN EMPREGO 2021

Importe concedido: 15386.61 €

Motivo da perda do dereito ao cobro:

En data 17 de abril de 2023 envíaselle requirimento á entidade beneficiaria a fin de que achegase a documentación xustificativa, indicándosele, ademáis que:

"O prazo para presentar a dita documentación rematou o 21 de novembro de 2022, polo que se lles concede un prazo improrrogable de 15 días para presentala, segundo o establecido na base 11 do Capítulo I."

Esta notificación resultou aceptada o 18 de abril de 2023, sen que ata o día de hoxe tivera presentado a documentación requirida.

2º.- Anular os documentos contables correspondentes: fase AD, operación número 220230009022, aplicación 0520/24100/479.

3º.- Iniciar, no caso de que proceda, o correspondente expediente de reintegro do abono do anticipo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.